



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 59/2010

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os asambleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CRITERIUM GALEGO DE VERÁN. I CHALLENGE DE AEMA VILA DE CUNTIS

Cuntis, 21 de agosto do 2010

Art.1) A Federación Galega de Atletismo a través da Delegación de Pontevedra organizará o **sábado 21 de agosto** no circuito urbán de Cuntis (circuito homologado de 1 km) o VIII Criterium de marcha de Verán.

Art.2) A competición é a derradeira puntuable da **I Challenge de AEMA**. (Getafe, Móstoles, Zaragoza, Llerena, Badalona, Ciudad Real, Castro Urdiales, Cuntis)

Art.3) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Promesa, Senior e Veteráns, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2009/2010) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha por la F.G.A., anque pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos con licencia RFEA invitados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web www.atletismogalego.org con data límite o martes **día 17 de agosto**, ata as 20,00 horas.

Os atletas de fóra de Galicia deberán facelo a través do correo cofcluis@hotmail.com.

Art.5) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes da proba na secretaría da competición.

Art.6) Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías **benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, Junior, promesa e veterán** recibirán unha medalla

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.7) Os atletas deberán empregarlo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. O incumplimento desta norma poderá ser motivo de descalificación.

Art.8) O horario do Campionato e o seguinte:

19:00 horas: 1 km benxamín conxunto
19:15 horas: 2 km alevín conxunto
19:40 horas: 3 km infantil e cadete conxunto
20:10 horas: 5km Xv, Jn, Pr, Sr e veterán conxunto.

Art.9) Todo o non disposto no presente Regulamento resolveráse dacordo cas normas da I.A.A.F.

Na Coruña 30 de xullo do 2010

Asdo. Victor Arufe Giráldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

